



Modificación das Bases da convocatoria para constituir a Bolsa de Emprego na Mancomunidade Terra de Celanova

Anexo

Bases da convocatoria para constituír bolsa de emprego, polo sistema de concurso para cubrir, mediante contrato temporal, postos vacantes en diferentes servizos da Mancomunidade Terra de Celanova.

Primeira.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a constitución dunha bolsa de emprego, polo sistema de concurso, que sirva para a contratación temporal de postos como persoal laboral desta Mancomunidade (contratos temporais polas causas legal e regulamentariamente establecidas).

Non poderá recorrerse á bolsa da presente convocatoria para a contratación indefinida con carácter fixo, para o que será precisa a aprobación dunha convocatoria específica. O sistema de concurso xustifícase pola conveniencia de que o persoal seleccionado conte coa experiencia profesional adecuada para as funcións relacionadas coas tarefas e labores propios destes postos.

Non se pode producir a transformación de temporal a indefinido en todos aqueles casos nos que as dúas modalidades contractuais se sucedan, procedendo a ruptura da relación laboral ca empresa, incluídos aqueles supostos nos que previo inicio da relación laboral e en relación ca duración do contrato de traballo o contrato se transforme en indefinido, podendo rexeitar o/a aspirante.

Segunda.- Modalidade e duración dos contratos

Os contratos obxecto da presente convocatoria serán de duración determinada mentres dure a situación para a que se crearon: baixa por ILT ou por maternidade/paternidade, vacacións, acumulación de tarefas, etc.

Terceira.- Condicións que deben cumprir os aspirantes e incompatibilidades

Para tomar parte nas probas de selección que se convocan, será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou dalgúns dos Estados membros da Unión Europea, de conformidade co disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos, na data da convocatoria, os dezoito anos de idade.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título para cuxo nivel se concurse, expedido polo Estado Español ou debidamente homologado. Os aspirantes deberán dispoñer das condicións establecidas no presente artigo ao momento de formular a súa solicitude e, en todo caso, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

Cuarta.- Incompatibilidades

Aqueles aspirantes que superen as probas selectivas quedarán sometidos ó réxime de incompatibilidade establecido pola Lei 53/84, do 26 de decembro, e Real decreto 598/1985, do 30 de abril, que desenvolve a Lei de incompatibilidades.

Quinta.- Presentación de instancias, documentos acreditativos dos méritos e publicación de anuncios

1.- As instancias nas que se solicita participar nas probas selectivas, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e que se compromete a prestar xuramento ou promesa na forma legalmente establecida, dirixiranse ao presidente da Mancomunidade Terra de Celanova, conforme ao modelo anexo ás presentes bases e presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidade en horario de oficina ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- O prazo será de dez días (10), contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3.- Coa instancia os aspirantes achegarán:

a) O currículo e documentos acreditativos do mesmo (orixinais ou compulsados), dos méritos que se sinalen. A falta de indicación na instancia e/ou a falta de acreditación de méritos xunto con esta, non será emendable e xerará de forma automática a non valoración dos mesmos.

b) Fotocopia do DNI.

c) Documentos xustificativos da valoración dos méritos establecidos nestas bases.

Non se admitirán para valoración no concurso ningún xustificante ou mérito que se acredite unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, aínda cando se refiran a feitos producidos con anterioridade á finalización do devandito prazo.

Tódolos restantes anuncios sobre o procedemento e trámites que se xeren pola presente convocatoria ata a conclusión do procedemento selectivo expoñeranse no taboleiro de edictos da Mancomunidade Terra de Celanova.

Sexta.- Admisión de aspirantes

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, pola Presidencia, aprobarase a lista dos candidatos admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da causa que a motiva. A dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Mancomunidade Terra de Celanova, concedéndose un prazo de 10 días, dacordo co disposto na Lei 39/2015, para que os aspirantes poidan presentar alegacións. Transcorrido o devandito prazo, aprobarase a lista definitiva que será feita pública no taboleiro de anuncios novamente da Mancomunidade.

2.- Os erros materiais ou de feito que puidesen advertirse na lista poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

Sétima.- Órgano de selección

O órgano ao que corresponderá a realización do proceso selectivo e proposta ao órgano competente, para a contratación temporal ou nomeamento, de conformidade co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007 constituirase da seguinte forma:

- Tres empregados públicos das administracións públicas.
- Secretario: o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Como órgano colexiado, o órgano de selección, ao momento da súa constitución designará a presidencia e axustarase ao establecido na Lei 39/2015 e demais normas de xeral aplicación. A designación dos membros do órgano de selección incluírá a dous respectivos suplentes e farase público no taboleiro de edictos da Mancomunidade. Todos eles deberán ostentar a titulación adecuada para garantir na súa composición os principios de profesionalidade e imparcialidade e, na súa actuación, os de

independencia e discrecionalidade técnica, actuando sempre a título individual e non podendo ostentarse a modo de representación ou por conta de ninguén. Os compoñentes do órgano de selección deberán absterse de intervir e os aspirantes poderán recusalos cando concorreran as circunstancias previstas na Lei39/2015 e demais normas relativas á posibilidade de formar parte dos órganos de selección. O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros e está facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no desenvolvemento do concurso, e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo, en todo o non previsto nestas bases. En todo caso, o órgano de selección poderá ser asistido, se así o estima oportuno, dalgún profesional especialista de calquera ámbito que teña relación coa materia obxecto ou natureza das probas.

Oitava.- Fase do concurso e puntuación desta

No axexo III destas bases relaciónanse os servizos e postos de traballo adscritos a esta bolsa, indicándose os requisitos mínimos. A fase de concurso consistirá nos méritos alegados documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

Por experiencia profesional:

- Por traballos desenvolvidos nos concellos que forman a Mancomunidade ou na sede da Mancomunidade como contratado laboral na especialidade obxecto da convocatoria, 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados, cun máximo de 4,00 puntos, desprezándose as fraccións.

- Por traballos desenvolvidos nas administracións públicas como funcionario interino ou contratado laboral na especialidade obxecto da convocatoria, 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados, cun máximo de 3,00 puntos, desprezándose as fraccións.

- Por traballos no sector privado prestando servizos por conta allea ou propia na especialidade obxecto da convocatoria, 0,25 puntos por cada mes

completo de traballo, cun máximo de 3,00 puntos, desprezándose as fraccións.

En tódolos casos, os méritos deberán vir avalados mediante documentación ou certificación da Administración ou empresa onde se prestaron e mediante contrato por conta allea. Deberán presentarse os contratos e/ou aqueles documentos oficiais que acrediten a súa duración e documentarse mediante informe de vida laboral expedido polo INSS. No caso de servizos prestados por conta propia mediante a documentación que lle acredite como autónomo na materia en relación ca convocatoria. O tribunal terá facultade para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases.

Formación regrada. Máximo de 5,25 puntos.

- Por finalizar un ciclo formativo de segundo grao ou universitario distinto ao esixido como requisito de acceso e relacionados coas funcións para desenvolver, coa seguinte valoración:

- * Ciclo formativo de grao superior: 0,50 puntos.
- * Diplomatura universitaria: 0,75 puntos.
- * Grao universitario: 1 punto.
- * Licenciatura universitaria: 1,25 puntos.
- * Experto universitario: 1,5 puntos.
- * Master universitario: 2 puntos.
- * Grado de doutor: 4,25 puntos.

Formación non regrada. Máximo de 0,75 puntos.

- Pola participación como alumno en cursos de formación ou perfeccionamento convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais de formación, axentes sociais que estean directamente relacionados coas funcións da praza para cubrir, coa seguinte valoración para cada curso:

- * De 21 a 40 horas, 0,10 puntos.
- * De 41 a 60 horas, 0,15 puntos.
- * De 61 a 90 horas, 0,20 puntos.
- * De 91 a 120 horas, 0,30 puntos.
- * De 121 en diante, 0,40 puntos.

En caso de non indicarse a duración do curso non se valorará.

Novena.- Elaboración de bolsa de aspirantes.

Concluída a fase de valoración dos documentos achegados, o órgano de selección elaborará a lista dos aspirantes establecendo a orde de prelación para o seu nomeamento. A puntuación final virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas, segundo o baremo establecido na base oitava desta convocatoria, dirimíndose os posibles empates que puidesen producirse entre dous ou máis solicitantes, atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos méritos indicados na base oitava, conforme á orde en que aparecen enunciados na mesma. De persistir o empate atenderíase á orde alfabética dos apelidos dos concursantes comezando pola letra "G", ao abeiro da Resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG19, do 26/01/2018). A lista será prorrogable por períodos anuais se así o acorda o órgano de contratación, salvo que no devandito período se realice unha nova convocatoria que deixaría sen efecto a anterior. A lista da bolsa de emprego, será utilizada para os casos en que proceda realizar contratacións temporais para prazas ou postos nos termos previstos na Base Primeira, e atendendo aos seguintes criterios:

a) Sistema de chamamento

O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación obtida polos aspirantes.

O chamamento realizarase por vía telefónica, realizando un mínimo de dúas chamadas cun intervalo dúas horas. Se non responde, tras deixar

constancia documentada interna de cada unha das chamadas, pasarase automaticamente á seguinte persoa da bolsa.

Se un familiar ou persoa distinta ao aspirante fose o receptor do chamamento, entenderase que será o responsable de notificala ao seleccionado. O receptor identificarase con nome e apelidos.

Do resultado dos chamamentos expedirase pola persoa que efectúe os chamamentos dilixencia no expediente da bolsa, anotando data e hora das chamadas, así como do seu resultado. O aspirante disporá dun prazo máximo de 24 horas para aceptar a oferta de emprego público temporal ofertada, salvo necesidade urxente de contratación, en cuxo caso a aceptación ou renuncia será inmediata á comunicación. Si no prazo conferido o interesado non acepta a oferta, ou non contesta esta, considerarase que rexeita esta, e chamarase ao seguinte aspirante. En caso de modificarse algún dos datos persoais de chamamento ou de situación indicados na ficha, o membro da bolsa será o responsable de comunicar a devandita variación e de cumprimentar unha ficha actualizada cos novos datos. Desta forma poderán realizarse os chamamentos adecuadamente. O incumprimento desta obrigaón por parte do membro da bolsa non causará responsabilidade á Mancomunidade Terra de Celanova.

b) Rexeitamento e exclusión

De rexeitar a oferta de traballo sen que conste escrito ou xusta causa a que se refire o apartado seguinte, deixarase constancia polo responsable do chamamento no expediente mediante a expedición da correspondente dilixencia e pasará á última posición da bolsa de traballo. Consideraranse motivos xustificados de rexeitamento da oferta, polo que non darán lugar a baixa na bolsa, as seguintes circunstancias, que deberán estar acreditadas polo interesado, no prazo de tres días a contar desde a data do chamamento:

a) Estar a traballar cando se realice a oferta, para o que deberá presentar informe de vida laboral ou documentación acreditativa da situación.

b) Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente, xustificándose mediante a presentación do oportuno informe médico.

c) Estar nalgunha situación das que, por embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar están contempladas pola normativa en vigor para os efectos de permisos ou licenzas, xustificándose mediante documentación que acredite a situación.

En caso de renuncia por unha das causas recollidas anteriormente, deberá xustificarse tamén que a causa deixou de darse para poder ser suxeito de nova oferta de emprego, que se producirá, en todo caso, cando corresponda segundo o funcionamento da bolsa de traballo. Perderá a súa condición de membro da bolsa de emprego aquel aspirante que fose obxecto de sanción disciplinaria dedespedimento ou suspensión para o posto obxecto da bolsa, ou fóra condenado mediante sentenza xudicial firme á pena de inhabilitación absoluta ou especial ou procedese a suspensión por cumprimento de pena. Igualmente aplicaranse a efectos de perda de dereito a ser contratado ou cesamento, as restantes causas previstas na normativa sobre emprego público. A bolsa de emprego resultante do presente proceso selectivo deixará sen efecto calquera outra existente con anterioridade.

c) Situacións dos compoñentes da bolsa de emprego

Os compoñentes da lista da bolsa de emprego poderán estar nalgunha das seguintes situacións:

- Dispoñible: situación na que o candidato é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación.

- Ocupado: tal situación virá determinada por acharse o candidato traballando.

- Reserva: atoparase en tal situación o compoñente da bolsa de emprego que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Enfermidade que incapacite temporalmente para o desempeño das tarefas fundamentais do posto, en tanto que dure esta situación.

b) Estar nalgunha das seguintes situacións, contemplada pola normativa en vigor para os efectos de permisos e licenzas: maternidade, paternidade, adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar de ata segundo grao.

Unha vez desaparecida a causa que motive a situación de ocupado ou reserva, poderase pasar a situación de dispoñible, para elo requirirá en todo caso petición expresa do interesado. O reingreso producirase no lugar, conforme a ordenación dabolsa, que lle corresponda ao candidato.

• Excluídos: a dita situación, unha vez declarada, imposibilita efectuar posteriores ofertas de contratación ao candidato. Procederá a situación de excluídos da bolsa de traballo nos seguintes casos:

a) Cando o compoñente rexeite ou non conteste a oferta de contratación ou nomeamento en tres ocasións.

b) A petición do interesado, mediante escrito de renuncia dirixido ao presidente da Mancomunidade Terra de Celanova.

c) Cando o convocado non se incorpore ao seu posto de traballo sen motivo xustificado, ou no caso do posto de bombeiro non se presente as probas de aptitude física, unha vez realizado o chamamento ou contratación.

d) Cando se renuncie a un nomeamento ou contratación antes da data en que remate esta.

e) Cando sexa sancionado cunha falta grave ou moi grave, ou dúas faltas leves.

f) Por pasar a atoparse en situación de invalidez permanente ou asimilada que lle impida o exercicio das tarefas do posto.

g) Por causas médicas sobrevindas que lle impida o exercicio das tarefas do posto.

h) Por xubilación.

i) Por cometer fraude ou engano nas circunstancias persoais que permitisen o seu acceso á lista de espera ou bolsa de emprego ou na contratación.

d) Contratación. A contratación levarase a efecto, cando xurdan as necesidades para as que está prevista a bolsa, a cuxos efectos se comezará por orde de puntuación. Se unha vez contratado temporalmente en réxime laboral un integrante da bolsa de emprego e, continuando vixente na súa relación de servizos, se producira unha nova necesidade de contratación temporal para outro posto, procederá contratar ao seguinte da lista por orde de puntuación, e así sucesivamente. Para a cobertura temporal de vacantes xeradas por excedencias, suspensión de contrato con reserva de posto, creación de prazas ata a súa cobertura definitiva ou situacións similares con previsión de longa duración.

Décima.- Normas supletorias

No previsto na presente convocatoria estarase ao disposto na Lei reguladora de bases de réxime local 7/85, do 2 de abril; RDL 781/1986, do 18 de abril; Lei 30/84, do 2 de agosto sobre medidas para a reforma da función pública; Real decreto 896/1991, do 7 de xuño; Real decreto 354/95, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado, e demais disposicións vixentes.

Undécima.- Recursos

Contra as presentes bases, os interesados poderán interponer o recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao preceptuado nos arts. 57 e 58 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de 2 meses, previa comunicación a esta Mancomunidade. Celanova, 29 de setembro de 2020.

O presidente.

Asdo.: José Antonio Pérez Cortes

Anexo I

Modelo de instancia

Don/Dona ..., maior de idade, con residencia en (concello)..., en rúa/praza/avenida ..., número ..., e teléfonos de localización ..., provisto de DNI número ...:

Manifesta: Que tendo coñecemento da convocatoria para a creación, pola Mancomunidade Terra de Celanova, dunha bolsa de traballo para a contratación con carácter temporal de persoal que cubra as necesidades que xurdan no presente exercicio, declara:

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

- Que achega fotocopia compulsada do DNI.
- Que achega fotocopia compulsada das titulacións esixidas.
- Que achega fotocopia compulsada dos seguintes xustificantes dos méritos alegados para que sexan valorados polo Tribunal, polo que

Solicita ser admitido no servizo de....., na selección mencionada e que se proceda á valoración dos méritos alegados por esta parte.

E para que así conste, asino a presente solicitude en ..., o ...,de ..., de 2020.

Sinatura.

Anexo II

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade de Mancomunidad Terra de Celanova con CIF P-8202502-D e domicilio social sito en Barrio Ermida 39, 32800 Celanova, Ourense. Galicia, coa finalidade de formar parte nos procesos de selección de persoal que leven a cabo pola nosa banda. En cumprimento coa normativa vixente, Mancomunidad Terra de Celanova informa que os datos serán conservados durante un máximo de 3 anos ou ata a constitución e/ou apertura dunha nova Bolsa de Emprego.

A súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de Mancomunidad Terra de Celanova, dirixíndose por escrito ao enderezo correo admin@terradecelanova.es o ao teléfono 988 45 16 46.

A Mancomunidad Terra de Celanova solicítalle o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para analizar o seu perfil coa finalidade de avaliar determinados aspectos persoais dunha persoa física, en particular para analizar ou predicir aspectos relativos ao rendemento profesional, situación económica, saúde, preferencias persoais, intereses, fiabilidade, comportamento, localización ou movementos da devandita persoa física.

A Mancomunidad Terra de Celanova informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que Mancomunidad Terra de Celanova comprométese a adoptar todas as medidas razoables para que estes suprimanse ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de Datos de Carácter Persoal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ben a través de correo electrónico admin@terradecelanova.es. Neste sentido, o candidato dispoñerá do dereito para revogar o consentimento prestado mediante a presente cláusula.

Poderá dirixirse á autoridade de control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

En último lugar, Mancomunidad Terra de Celanova informa que coa firma do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

Nome e apelidos: ...

DNI: ...

Sinatura: ...

Sr. Presidente da Mancomunidad Terra de Celanova

Anexo III

Relación de servizos e postos de traballo adscritos á bolsa de emprego

Requisitos mínimos esixidos

Servizo de Axuda no Fogar

Denominación do posto: auxiliar de axuda no fogar

Requisitos específicos

Titulación esixida: título de Formación Profesional de grao medio de Atención Sociosanitaria, auxiliar de Enfermería ou equivalente, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou institucións.

Posuír Carné de condutor clase B e dispoñibilidade de vehículo propio.

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.

Servizos Sociais de Base

Denominación do posto: educador social

Requisitos específicos

Titulación esixida: diplomado/a en Educación Social ou grao en Educación Social.

Posuír carné de condutor clase B e dispoñibilidade de vehículo propio

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.

Denominación do posto: Traballador Social

Requisitos específicos

Titulación esixida: diplomatura ou grao en Traballo Social.

Posuír carné de condutor clase B e dispoñibilidade de vehículo propio.

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.

Servizos Administrativos

Denominación do posto: administrativo

Requisitos específicos

Titulación: ciclo formativo de grado superior das familias de Administración e Xestión, unha titulación legalmente equivalente ou calquera titulación universitaria á que se poida acceder directamente desde as familias de formación profesional que se indican.

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava

Denominación do posto: auxiliar administrativo

Requisitos específicos

Titulación esixida: ciclo formativo de Grao Medio das familias de Administración e Xestión ou unha titulación legalmente equivalente.

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava

Servizo de Bombeiros

Denominación do posto: bombeiro

Requisitos específicos

Titulación esixida: título de graduado en ESO ou Formación Profesional de primeiro grao.

Estar en posesión do carné de conducir clase C

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.

Na experiencia profesional só se valorarán traballos realizados en funcións propias do posto a cubrir, Bombeiro, acreditados mediante o correspondente nomeamento, contrato laboral ou equivalente. Neste sentido non puntuarán traballos realizados en: Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) e servicios de prevención e defensa contra incendios forestais.

Probas de aptitude física

De carácter obrigatorio e eliminatorio entre os candidatos que sexan obxecto de chamamento. Consistirá en superar probas de aptitude física que poñan de manifesto a capacidade para o desenvolvemento do posto de traballo.

Denominación do posto: condutor motobomba

Requisitos específicos

Titulación esixida: sen titulación mínima esixida.

Estar en posesión do carné de conducir clase C

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava

Servizo de Recollida de lixo e voluminosos

Denominación do posto: condutor

Requisitos específicos

Titulación esixida: sen titulación mínima esixida.

Estar en posesión do carné de conducir clase C

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.

Denominación do posto: peón

Requisitos específicos

Titulación esixida: sen titulación mínima esixida.

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava

Servizo de Rozadora

Denominación do posto: condutor

Requisitos específicos

Titulación esixida: sen titulación mínima esixida.

Estar en posesión do carné de conducir clase B

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.

Denominación do posto: peón

Requisitos específicos

Titulación esixida: sen titulación mínima esixida.

Méritos fase de concurso

A valoración dos méritos acreditados realizarase conforme o disposto na base oitava.